

Actualizado a: 08/05/2020

Bases reguladoras de la concesión de cheques de consultoría dentro del programa "Cuidar para mejorar", anualidad 2020

**Destinatarios:** Personas físicas o jurídicas, sociedades civiles

## Información de interés

<b>Ámbito geográfico:</b>	Santiago de Compostela
<b>Organismo:</b>	Ayuntamiento de Santiago de Compostela
<b>Administración:</b>	Administración Local
<b>Plazo(s) de solicitud:</b>	05/06/2020
<b>Notas solicitud:</b>	Hasta el 5 de junio de 2020. Con motivo del Real Decreto por el que se declara el Estado de Alarma, se están produciendo alteraciones en los plazos administrativos. Para cualquier duda sobre dichos plazos pongáse en contacto con el organismo convocante
<b>Tipo:</b>	Subvención
<b>Importe:</b>	90,000.00€
<b>Notas:</b>	Crédito 2020: 90.000 euros
<b>CEE:</b>	En el marco del Reglamento (UE) 1407/2013 de la Comisión, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 de ayudas de minimis
<b>Enlaces:</b>	<a href="http://coidarparamellorar.santiago-decompostela.gal/">http://coidarparamellorar.santiago-decompostela.gal/</a>

## Referencias de la publicación

- Convocatoria 200429. Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña número 67 de 8 de mayo de 2020. (Extracto-Convocatoria)

Sectores	Subsectores	Descriptor
Comercio	Mejora de estructuras	Asistencia técnica Establecimientos comerciales

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### *Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Bases reguladoras de la concesión de cheques de consultoría dentro del programa "Coidar para mellorar". Anualidade 2020

BDNS(Identif.):504614

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA ¿COIDAR PARA MELLORAR¿  
AXUDAS Á INNOVACIÓN E MELLORA DO COMERCIO LOCAL

ANUALIDADE 2020

##### 1º Obxecto

Estas bases regulan a convocatoria e adxudicación de cen (100) cheques de consultoría, en réxime de concorrencia competitiva, nos seguintes eidos:

Dezasete (17) cheques para a reforma e acondicionamento de locais de negocio

Dezasete (17) cheques de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual

Dezasete (17) cheques de asesoramento en comunicación comercial

Dezasete (17) cheques de asesoramento en mercadotecnia dixital

Dezasete (17) cheques para a implantación do comercio electrónico

Quince (15) cheques para a innovación empresarial

##### 2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, cuxa sede de actividade no momento de publicación desta convocatoria no BOP se atope no municipio de Santiago de Compostela.

Cada persoa beneficiaria só poderá obter un único cheque de consultoría en cada un dos seis eidos existentes.

##### 3º Criterios de concesión

Os criterios de concesión e a orde en que se aplicarán para elaborar a listaxe ordenada de beneficiarias propostas e en agarda serán:

1. A orde temporal de entrada da solicitude.

2. Que a actividade empresarial estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I.

3. Que a empresa, en cada un dos tipos de epígrafes preferentes e non preferentes, estivese obrigada a pechar en virtude do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### 4º Natureza e obxecto do cheque de consultaría

Os cheques de consultaría teñen a natureza de subvencións en especie, ao abeiro do disposto no artigo 3 do RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Decreto 11/2006 que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas axudas teñen carácter finalista polo que non poderán ser empregadas para outros fins distintos do obxecto do cheque de consultaría.

Consistirán na prestación dun servizo profesional de asesoramento en cada unha das modalidades previstas cuxo obxectivo é avaliar as necesidades da empresa beneficiaria e identificar e priorizar as solucións máis adecuadas tendo en conta a opinión e as circunstancias da beneficiaria. A consultaría realizada plasmarase nun documento final de síntese do que se entregará cadansúa copia á persoa beneficiaria e ao Concello de Santiago.

Modalidades:

I) Cheque para a reforma e acondicionamento de locais de negocio

Análise do estado físico do local e proposta de actuacións tocantes a distribución e adecuación de espazos, accesibilidade, materiais, mobiliario, acabados ou iluminación.

II) Cheque de asesoramento en comunicación comercial

Análise da situación comunicativa da empresa e deseño dun plan que recolla as estratexias máis acaídas para ampliar e mellorar o seu coñecemento, percepción ou posicionamento no mercado.

III) Cheque de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual

Análise dos distintos elementos de mercadotecnia visual: o escaparate, fluxos de circulación dentro da tenda, o seu deseño e a colocación dos produtos.

IV) Cheque de asesoramento en mercadotecnia dixital

Análise do ecosistema dixital, da presenza online e a súa adaptación ao público obxectivo: sitio web, blog, redes sociais, mercadotecnia por email e optimización en buscadores.

V) Cheque para a implantación do comercio electrónico

Análise das distintas formas de comercio electrónico e das plataformas existentes para propoñer o sistema máis adecuado ao modelo de negocio e produto da empresa e lograr un bo posicionamento.

VI) Cheque para a innovación empresarial

Inclúe a análise das posibilidades de mellora da empresa mediante cambios no modelo de negocio, de xestión, procesos, organización ou produtos.

5º Solicitudes e documentación

1. As solicitudes, segundo o modelo normalizado do anexo II, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas que estean habilitados.

2. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

3. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite enviarase unha copia, xunto co resguardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico [comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal).

6º Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP

7º Instrución do procedemento

Recibidas as solicitudes, os departamentos de Comercio e Lingua Galega levarán a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

8º Corrección de solicitudes. Publicación de listaxes provisionais de persoas beneficiarias

Unha vez recibidas e analizadas as solicitudes presentadas, na web do programa <http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal/>, publicaranse as seguintes listaxes:

Listaxe A). Listaxe de persoas propostas como beneficiarias.

Para faceren efectivo o cheque deberán presentar, no prazo de dez días hábiles e polos mesmos medios indicados na base 5ª, os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que se indican a seguir, xunto co modelo do anexo III. De non o facer, entenderase que desisten do seu pedimento e ditarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.

Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.

Alta no IAE ou, se é o caso, declaración de alta no censo de obrigados tributarios.

NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúa a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.

As persoas incluídas na listaxe de posibles beneficiarias cuxas solicitudes presenten defectos deberán emendar o que se indique dentro dos mesmos dez días de prazo para presentar a documentación anterior, que, así mesmo, deben achegar. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Listaxe B). Listaxe de agarda.

Para o caso de se presentaren máis solicitudes das que poden ser atendidas coa dotación prevista, unha vez ordenadas segundo os criterios destas bases, formarán esta listaxe aquelas que excedan do número de cheques que é posible outorgar para o caso de que se produzan baixas na listaxe de beneficiarias. De se producir esta circunstancia seralles notificada individualmente.

Listaxe C). Listaxe de solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan formular alegacións no prazo de dez días hábiles.

9º Resolución do órgano competente

O resultado da instrución do procedemento xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

O procedemento resolverase e notificarase no prazo máximo de tres meses a partir do remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude estenderase rexeitada por silencio administrativo.

10º Prazo de execución

As entidades avaliadoras prestarán os cheques de consultaría ás persoas beneficiarias de acordo co establecido na base 4ª. En canto ao prazo temporal, os cheques executaranse consonte os principios de boa fe e en función da dispoñibilidade horaria de ambas as dúas partes (persoa beneficiaria e entidade avaliadora). En todo caso establécese como data límite o 10/12/2020. A non execución no prazo indicado por causas imputables ás persoas beneficiarias implicará que se revogue a concesión do cheque.

11º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

12º Incompatibilidades

Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non se poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

13º Financiamento

A concesión dos cheques de consultaría previstos nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito adecuado e suficiente nas seguintes aplicacións do orzamento 2020:

-80.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 47900.

-10.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 080 33402 47900.

14º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Anexos dispoñibles na páxina web do departamento de Comercio: [www.comercio.santiagodecompostela.gal](http://www.comercio.santiagodecompostela.gal)

e en <http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal/>

Anexo I. Clasificación do imposto de actividades económicas

Anexo II. Modelo de solicitude

Anexo III. Modelo para achegar documentación en caso de resultar beneficiaria

ANEXO I

EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES PREFERENTEMENTE

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar

691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.

## ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. ANUALIDADE 2020

## 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE SOLICITA

DI /CIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

Epígrafe do IAE

## 2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO BENEFICIARIO DO CHEQUE

Nome comercial do establecemento

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

## 3. DATOS PARA NOTIFICACIÓNS

DI /NIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

EXPOÑO:

- Que acepto as bases desta convocatoria de subvencións na súa integridade.

- Que cumpro os requisitos para optar ás axudas previstas nesta convocatoria.

DECLARO DE XEITO RESPONSABLE: (sinale o que corresponda)

- Que os datos e documentos que achego son certos e auténticos.

- Que a empresa está ao corrente nos pagamentos á Seguridade Social, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, e á Xunta de Galicia e ao Concello de Santiago.

- Que a empresa non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvencións públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

- Que para o mesmo proxecto, se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a seguir:

Axuda

Organismo

Disposición reguladora

Solicitada / concedida

Ano

Importe

- Que para este proxecto non se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais.

- Que me comprometo a comunicar calquera outra axuda que obteña de administracións públicas ou doutros entes para este proxecto.

SOLICITO:

Un cheque de consultaría na(s) modalidade(s) que sinalo:

Reforma e acondicionamento de locais de negocio

Escaparatismo e mercadotecnia visual

Comunicación comercial

Mercadotecnia dixital

Implantación do comercio electrónico

Innovación empresarial

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO III

MODELO DE ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR.ANUALIDADE 2020

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN

DI /CIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA BENEFICIARIA

Nome comercial do establecemento

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Modalidade(s) do(s) cheque(s): (sinale as que correspondan)

Reforma e acondicionamento de locais de negocio

Escaparatismo e mercadotecnia visual

Comunicación comercial

Mercadotecnia dixital

Implantación do comercio electrónico

Innovación empresarial

## 3. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marque o que corresponda)

Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.

Escritura de constitución da sociedade mercantil.

Alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios.

Tarxeta de identificación fiscal da empresa

Documento de identidade da persoa representante

Poder de representación

Emenda da solicitude inicial

Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan.

Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.

Documento \_\_\_\_\_ Expediente \_\_\_\_\_

Documento \_\_\_\_\_ Expediente \_\_\_\_\_

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Santiago de Compostela

29/4/2020

O Alcalde. Xosé A. Sánchez Bugallo

Bases reguladoras da concesión de cheques de consultoría dentro do programa "Coidar para mellorar". Anualidade 2020

BDNS(Identif.):504614

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA ¿COIDAR PARA MELLORAR¿ AXUDAS Á INNOVACIÓN E MELLORA DO COMERCIO LOCAL

ANUALIDADE 2020

1º Obxecto

Estas bases regulan a convocatoria e adxudicación de cen (100) cheques de consultoría, en réxime de concorrencia competitiva, nos seguintes eidos:

Dezasete (17) cheques para a reforma e acondicionamento de locais de negocio

Dezasete (17) cheques de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual

Dezasete (17) cheques de asesoramento en comunicación comercial

Dezasete (17) cheques de asesoramento en mercadotecnia dixital

Dezasete (17) cheques para a implantación do comercio electrónico

Quince (15) cheques para a innovación empresarial



## 2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, cuxa sede de actividade no momento de publicación desta convocatoria no BOP se atope no municipio de Santiago de Compostela.

Cada persoa beneficiaria só poderá obter un único cheque de consultoría en cada un dos seis eidos existentes.

## 3º Criterios de concesión

Os criterios de concesión e a orde en que se aplicarán para elaborar a listaxe ordenada de beneficiarias propostas e en agarda serán:

1. A orde temporal de entrada da solicitude.
2. Que a actividade empresarial estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I.
3. Que a empresa, en cada un dos tipos de epígrafes preferentes e non preferentes, estivese obrigada a pechar en virtude do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 4º Natureza e obxecto do cheque de consultaría

Os cheques de consultaría teñen a natureza de subvencións en especie, ao abeiro do disposto no artigo 3 do RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Decreto 11/2006 que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas axudas teñen carácter finalista polo que non poderán ser empregadas para outros fins distintos do obxecto do cheque de consultaría.

Consistirán na prestación dun servizo profesional de asesoramento en cada unha das modalidades previstas cuxo obxectivo é avaliar as necesidades da empresa beneficiaria e identificar e priorizar as solucións máis adecuadas tendo en conta a opinión e as circunstancias da beneficiaria. A consultaría realizada plasmarase nun documento final de síntese do que se entregará cadansúa copia á persoa beneficiaria e ao Concello de Santiago.

Modalidades:

### I) Cheque para a reforma e acondicionamento de locais de negocio

Análise do estado físico do local e proposta de actuacións tocantes a distribución e adecuación de espazos, accesibilidade, materiais, mobiliario, acabados ou iluminación.

### II) Cheque de asesoramento en comunicación comercial

Análise da situación comunicativa da empresa e deseño dun plan que recolla as estratexias máis acaídas para ampliar e mellorar o seu coñecemento, percepción ou posicionamento no mercado.

### III) Cheque de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual

Análise dos distintos elementos de mercadotecnia visual: o escaparate, fluxos de circulación dentro da tenda, o seu deseño e a colocación dos produtos.

### IV) Cheque de asesoramento en mercadotecnia dixital

Análise do ecosistema dixital, da presenza online e a súa adaptación ao público obxectivo: sitio web, blog, redes sociais, mercadotecnia por email e optimización en buscadores.

### V) Cheque para a implantación do comercio electrónico

Análise das distintas formas de comercio electrónico e das plataformas existentes para propoñer o sistema máis adecuado ao modelo de negocio e produto da empresa e lograr un bo posicionamento.

### VI) Cheque para a innovación empresarial

Inclúe a análise das posibilidades de mellora da empresa mediante cambios no modelo de negocio, de xestión, procesos, organización ou produtos.

## 5º Solicitudes e documentación

1. As solicitudes, segundo o modelo normalizado do anexo II, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas que estean habilitados.

2. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

3. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite enviarase unha copia, xunto co resguardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico [comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal).

#### 6º Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

#### 7º Instrución do procedemento

Recibidas as solicitudes, os departamentos de Comercio e Lingua Galega levarán a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

#### 8º Corrección de solicitudes. Publicación de listaxes provisionais de persoas beneficiarias

Unha vez recibidas e analizadas as solicitudes presentadas, na web do programa <http://coidarparamellorar.santiago-decompostela.gal/>, publicaranse as seguintes listaxes:

##### Listaxe A). Listaxe de persoas propostas como beneficiarias.

Para faceren efectivo o cheque deberán presentar, no prazo de dez días hábiles e polos mesmos medios indicados na base 5ª, os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que se indican a seguir, xunto co modelo do anexo III. De non o facer, entenderase que desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.

Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.

Alta no IAE ou, se é o caso, declaración de alta no censo de obrigados tributarios.

NIF da persoa física ou xurídica. Se se trata dunha persoa xurídica achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúa a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.

As persoas incluídas na listaxe de posibles beneficiarias cuxas solicitudes presenten defectos deberán emendar o que se indique dentro dos mesmos dez días de prazo para presentar a documentación anterior, que, así mesmo, deben achegar. De non o facer, entenderase que desisten do seu pedimento e dítase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

##### Listaxe B). Listaxe de agarda.

Para o caso de se presentaren máis solicitudes das que poden ser atendidas coa dotación prevista, unha vez ordenadas segundo os criterios destas bases, formarán esta listaxe aquelas que excedan do número de cheques que é posible outorgar para o caso de que se produzan baixas na listaxe de beneficiarias. De se producir esta circunstancia seralles notificada individualmente.

Listaxe C). Listaxe de solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan formular alegacións no prazo de dez días hábiles.

#### 9º Resolución do órgano competente

O resultado da instrución do procedemento xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

O procedemento resolverase e notificarase no prazo máximo de tres meses a partir do remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude estenderase rexeitada por silencio administrativo.

#### 10º Prazo de execución

As entidades avaliadoras prestarán os cheques de consultaría ás persoas beneficiarias de acordo co establecido na base 4ª. En canto ao prazo temporal, os cheques executarase consonte os principios de boa fe e en función da dispoñibilidade horaria de ambas as dúas partes (persoa beneficiaria e entidade avaliadora). En todo caso establécese como data límite o 10/12/2020. A non execución no prazo indicado por causas imputables ás persoas beneficiarias implicará que se revogue a concesión do cheque.

#### 11º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### 12º Incompatibilidades

Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non se poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

#### 13º Financiamento

A concesión dos cheques de consultaría previstos nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito adecuado e suficiente nas seguintes aplicacións do orzamento 2020:

-80.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 47900.

-10.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 080 33402 47900.

#### 14º Entrada en vigor e vixencia

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Anexos dispoñibles na páxina web do departamento de Comercio: [www.comercio.santiagodecompostela.gal](http://www.comercio.santiagodecompostela.gal)

e en <http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal/>

Anexo I. Clasificación do imposto de actividades económicas

Anexo II. Modelo de solicitude

Anexo III. Modelo para achegar documentación en caso de resultar beneficiaria

#### ANEXO I

##### EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES PREFERENTEMENTE

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar

691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P

## ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. ANUALIDADE 2020

### 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE SOLICITA

DI /CIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

Epígrafe do IAE

### 2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECIMENTO BENEFICIARIO DO CHEQUE

Nome comercial do establecemento

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

### 3. DATOS PARA NOTIFICACIÓNS

DI /NIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

## EXPOÑO:

- Que acepto as bases desta convocatoria de subvencións na súa integridade.
- Que cumpro os requisitos para optar ás axudas previstas nesta convocatoria.

## DECLARO DE XEITO RESPONSABLE: (sinale o que corresponda)

- Que os datos e documentos que achego son certos e auténticos.
- Que a empresa está ao corrente nos pagamentos á Seguridade Social, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, e á Xunta de Galicia e ao Concello de Santiago.
- Que a empresa non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvencións públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Que para o mesmo proxecto, se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a seguir:

Axuda

Organismo

Disposición reguladora

Solicitada / concedida

Ano

Importe

- Que para este proxecto non se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais.

- Que me comprometo a comunicar calquera outra axuda que obteña de administracións públicas ou doutros entes para este proxecto.

## SOLICITO:

Un cheque de consultaría na(s) modalidade(s) que sinalo:

Reforma e acondicionamento de locais de negocio

Escaparatismo e mercadotecnia visual

Comunicación comercial

Mercadotecnia dixital

Implantación do comercio electrónico

Innovación empresarial

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

## ANEXO III

MODELO DE ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE CHEQUES DE CONSULTORÍA DO PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. ANUALIDADE 2020

## 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN

DI /CIF

Nome e apelidos/Razón social

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Correo electrónico

## 2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA BENEFICIARIA

Nome comercial do establecemento

Enderezo completo

Municipio

Código postal

Teléfono

Modalidade(s) do(s) cheque(s): (sinale as que correspondan)

Reforma e acondicionamento de locais de negocio

Escaparatismo e mercadotecnia visual

Comunicación comercial

Mercadotecnia dixital

Implantación do comercio electrónico

Innovación empresarial

## 3. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marque o que corresponda)

Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.

Escritura de constitución da sociedade mercantil.

Alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios.

Tarxeta de identificación fiscal da empresa

Documento de identidade da persoa representante

Poder de representación

Emenda da solicitude inicial

Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan.

Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.

Documento \_\_\_\_\_ Expediente \_\_\_\_\_

Documento \_\_\_\_\_ Expediente \_\_\_\_\_

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Santiago de Compostela

29/4/2020

O Alcalde. Xosé A. Sánchez Bugallo

2020/2569